

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de febreiro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e un de febreiro de dous mil catorce, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(128).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 7 de febreiro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(129).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.**

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 128/13 P.O. Demandante: UTE ELOYMAR-TRANVÍAS. Obxecto: Resolución do TE-A Concello de Vigo, de 27.3.2013, inadmisión de reclamación contra liquidación taxas 2009 entrada de vehículos. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 259/13 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> PURIFICACIÓN LÓPEZ TEIJEIROS. Obxecto: Resolución do 25.6.2013 desestimatoria de rec.reposición contra sanción de tráfico (Expte.: 128674692). Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo do Social nº 1 de Vigo no procedemento 892/2013 por despido. Demandante: D<sup>a</sup> BEGOÑA BUJÁN OTERO. Estimado parcialmente o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 102/13 P.O. Demandante: D. CÁNDIDO GONZÁLEZ LORENZO. Obxecto: Resolucións do 14.9.2012 e 30.3.2012, en relación coa demolición de obras na Estrada de Camposancos nº 250 (Expte. 15923/423). Estimado parcialmente o recurso.

e) Senteza do X.nº 1 do Contencioso-Administrativo de Vigo no RC-A nº106/2009 P.O. Demantante: "BOTAMAVI, SERVICIOS GENERALES MARÍTIMOS S.L." Obxecto: Resolución de data 30 de xuño de 2009 que inadmite solicitude de SEGEM do pago de factura por actuación en vertido no río Lagares (Expte. 6545/306). Estimado o recurso.

f) Sentenza do X. do Social nº 4 de Vigo no procedemento (MSCL) 355/2013. Demandante: D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ. Acción de modificación substancial das condicións de traballo con vulneración de dereitos fundamentais e cesión ilegal de traballadores. A Sentenza estima a excepción de inadecuación do procemento.

- Sentenza do TSXG no rec. de suplicación 3682/2013 interposto por D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ contra a devandita sentenza. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do TSXG no recurso de apelación nº 4174/2013 interposto contra sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo desestimatoria de recurso contra resolución de 27.01.12 de imposición de multa e clausura temporal e paralización de actividade da discoteca PRIVEE (Expte. 7798/306). Inadmitido o recurso de apelación.

h) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A, P.A. Nº 273/2012. Demandante: AGROPECUARIA VALADARES, S.L. Obxecto: Desestimación presunta (expresa serodia do 5.12.2013) de responsabilidade patrimonial (Expte.3872/243). Desestimento da actora.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A, P.O. Nº 317/2011. Demandante: C.P. LOCAIS COMERCIAIS DA ÁREA DO MERCADO DO PROGRESO. Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno local do 3.5.2010 sobre acceso a locais comerciais privados polo mercado municipal. Desestimado o recurso.

- Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4185/2013 interposto pola C.P. LOCAIS COMERCIAIS DA ÁREA DO MERCADO DO PROGRESO contra a devandita sentenza. Desestimado o recurso.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 276/13 P.A. Demandante: D. ROBERTO ZABALETA LÓPEZ. Obxecto: Resolución do 26.9.2013 estimatoria parcial de reclamación de responsabilidade patrimonial. Estimado parcialmente o recurso.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 255/13 P.A. Demandante: "LA PATRIA HISPANIA S.A." Obxecto: Desestimación presunta da reposición contra resolución do 13.3.2013 que delcara inadmisibile reclamación de responsabilidade patrimonial (Expte.: 4004/243) Desestimado o recurso.

m) Auto do X. de 1ª Instancia nº2 de Vigo, no Xuízo Verbal 719/2013. Demandante: D. MANUEL PENEDO NÚÑEZ. Obxecto: Devolución de 757,21 €. Estima a declinatoria promovida polo Concello e declara a falta de xurisdicción.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo RC-A nº 264/13 P.A. Demandante: D. ÁNGEL R. DOMÍNGUEZ CASTRO. Obxecto: Desestimación de recurso de reposición contra sanción de tráfico (Expte.: 128647177). Desestimado o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **3(130).- DÁSE CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE POLÍTICA DE BENESTAR NO MES DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 90436/301.**

Mediante escrito de data 14.02.14, cumprindo coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Política de Benestar dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social no mes de decembro de 2013, que son os seguintes:

#### **DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2013**

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
20/12/13	COLOCACIÓN RETENEDORES DE PORTAS CORTA FOGO NO ALBERGUE	2120002	201300084124	3.418,25	CONSTRUCCIONES SITO Y FERNANDEZ S.L.
20/12/13	TRABALLOS REPARACIÓN E SANEADO DO ALBERGUE	2120002	201300084125	37.071,98	MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS, S.C.G
23/12/13	REPARACIÓN E CAMBIO UBICACIÓN CÁMARAS CCTV	2120002	201300084126	1.403,60	PROTESE, S.L.
26/12/13	OBRAS ACONDICIONAMENTO PATIO DO ALBERGUE	2120002	201300086785	6.620,31	VIVEIROS ADOA, S.L.
23/12/13	SUMINISTRO DE COLCHONS E OUTROS ENSERES PARA O ALBERGUE	2219900	201300086557	21.779,00	VARIOS
12/12/13	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERÍA	2230000	201300082255	2.000,00	VARIOS

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**4(131).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7964,62 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE TELEASISTENCIA -XANEIRO 2014. EXPTE. 90323/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.02.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 12.02.14, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 7.964,62 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIONATARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación de servizos de teleasistencia durante o mes de xaneiro de 2014.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 7.964,62 euros á partida orzamentaria 2310.2279911 "Teleasistencia", minorando dito importe do RC 201400005436 de 8.875,27euros.

**5(132).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA, POR CINCO ANOS, DA CESIÓN DAS INSTALACIÓNS DA "CASA DO PESCADOR" PARA ALBERGUE MUNICIPAL-CIIES. EXPTE. 69737/301.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Política de Benestar, do 12.02.14, conformado pola concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

*I. ANTECEDENTES*

*I. A Xunta de Goberno Local acordou en sesión do 30.11.2011 aprobar a proposta de cesión temporal, por 2 anos, ó Concello de Vigo dos bens patrimoniais da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola», ofrecida no documento asinado polo Presidente do Padroado desa Fundación no que se daba conta do acordo adoptado en tal sentido o 17.11.2011 e das condicións particulares que rexerían a mesma, que alí se describían polo miúdo e que foron puntualmente cumpridas por esta Administración.*

*II. O Concello de Vigo asumiu directamente, desde a sinatura da Acta de recepción das instalacións da "Casa do Pescador" o 19.12.2011, a xestión das mesmas, procedendo posteriormente a adxudicar á sociedade «ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.», a contratación do servizo de xestión do Albergue municipal – CIIES.*

*III. Ademais, aprobou as "Normas de funcionamento interno do Albergue municipal..." (Exp. nº 73183/301; XGL do 25.05.2012), que permitiron regulamentar de inmediato o funcionamento do Centro á espera da tramitación e resolución do procedemento administrativo para a adxudicación da súa xestión e dun Regulamento de réxime interior cunha ordenación máis detallada que integrase todos os dispositivos, programas e recursos por incluír no «CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL [CIIES] DO CONCELLO DE VIGO»; que foi inicial e definitivamente aprobado en sesión plenaria do 05.08.2013 (Exp. nº 81530/301; BOP nº 228, do 27.11.2013).*

*IV. De acordo cos termos daquel acordo do Padroado do 17.11.2011, esa cesión de uso ó Concello de Vigo das instalacións da "Casa do Pescador" efectuouse por un prazo de dous (2)*

anos, prorrogables tacitamente de non mediar denuncia por calquera das partes con seis meses de antelación.

Con todo, tendo en conta que a intención das dúas partes é a de que se consolide e manteña no tempo esta dotación pública socio-asistencial, propúxoselle ó Padroado da Fundación, no mes de xuño de 2013, a posibilidade de que acordase a cesión de uso con carácter indefinido a favor do Concello de Vigo das instalacións da "Casa do Pescador", para que se seguisen prestando nelas, con carácter permanente, os servizos de albergue, comedor social e os demais relacionados coa actividade propia dun Centro integral de inclusión e emerxencia social.

V. Na súa reunión do 16.10.2013 o Padroado estudiou esa proposta municipal e acordou ampliar a cesión inicial por un periodo de cinco (5) anos máis (prorrogables), contados desde o 01.01.2014.

VI. Consta no expediente de referencia oficio do Comandante Naval e Presidente do Padroado da Fundación de data 31.01.2014 (Rexistro xeral do 05.02.2014; doc. nº 140015159) polo que dá traslado a esta Administración de copia da acta daquela reunión e do certificado do acordo adoptado sobre este particular.

## II. PROPOSTA

Con non ser o acordado polo Padroado exactamente o solicitado polo Concello, considérase que ese novo maior prazo de 5 anos, prorrogable por iguais periodos, garante a curto/medio prazo o normal funcionamento do Centro e permite seguir prestando os servizos de albergue e asociados de xeito estable, polo que, entendéndoo beneficioso para o interese público, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

*PRIMEIRO:* Aceptar a prórroga por cinco anos máis (prorrogables), contados desde o 01.01.2014, da cesión a favor do Concello de Vigo das instalacións da "Casa do Pescador" da rúa Marqués de Valterra nº 6, no que se ubica o Albergue municipal – CIIES, acordada polo Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola» na súa reunión do 16.10.2013.

*SEGUNDO:* Remitir copia deste acordo ó Padroado da Fundación, ó Departamento municipal de Patrimonio e á entidade xestora do Albergue municipal – CIIES («Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.»), para o seu coñecemento e constancia».

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(133).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.530,96 € A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD, S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA U.A.D. CEDRO E NAS UBAS. EXPTE. 2117/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización 13.02.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 12.02.14, conformado polo xefe e pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.530.96 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de xaneiro de 2014.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 5.530.96 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 "Contratación Servicio Seguridade", minorándoo do RC 201400003776.

**7(134).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 14994/332.**

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 12.02.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do centrProcedemento aberto xestión dos servizos da escola municipal de teatro. expte 14994-332" no seguinte orde decrecente:

1.- Imaxinería S.L. 93 puntos.

SEGUNDO.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Imaxinería, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resguardo da garantía definitiva.

TERCEIRO.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 661,90 € en concepto de custe dos anuncios de licitación

**8(136).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. EXPTE. 4708/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 13.02.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. a fianza de 9.894,40 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Extremadura, xa que as foron recibidas mediante acta de 28 de xuño de 2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

B) ECOVIGO PUBLICIDAD S.L. EXPTE. 4710/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 12.02.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. a fianza de 16.000 euros constituída para responder do desenvolvemento da campaña de información "O Concello informa", xa que as obras foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

### **9(137).- PROCEDIMIENTO DE PAGAMENTO DE BOLSAS AOS BENEFICIARIOS DO PROXECTO IMOS TRABALLAR2. EXPTE. 10808/77.**

Visto o informe de fiscalización do 11.02.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.02.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Con data 8 de xullo de 2012 a Xunta de Goberno Local acordou aceptar a subvención concedida para o proxecto 615 denominado Imos Traballar 2, ( Expte.8389-77)con cargo ao Fondo social Europeo, aprobado por Resolución de Secretaría de Estado de Cooperación Territorial de data 22 de xuño de 2011 e publicado no BOE de data 1 de xullo de 2011.*

*Asi mesmo a Xunta de Goberno Local na sesión na sesión extraordinaria e urxente de 7 de outubro de 2013 acordou aceptar un incremento da axuda para o proxecto Imo Traballar2, derivada do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de data 5 de setembro de 2013 e publicada no BOE nº 222 do día 16/09/2013 e encomendar Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a adaptación do proxecto con indicación das accións a realizar que, de acordo co apartado 6 da Resolución antes mencionada, deberán ser actuacións contempladas no proxecto inicial ou novas edicións dos itinerarios formativos. Dito incremento supón un maior financiamento do FSE por importe de 211.018,30 euros debendo aportar o concello de Vigo 52.754,58 euros para facer fronte o financiamento nacional.*

*Unha vez remitidos a "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", o acordo favorable da Xunta de Goberno Local e a memoria das accións a cofinanciar con cargo a ampliación da subvención, o Concello de Vigo recibiu o 14 de novembro de 2013 o oficio da Subdirección Xeral de Cooperación Local, comunicando o incremento da axuda é o orzamento total do proxecto que unha vez engadido o reparto de remanentes ascende a un total elexible de 1.926.669,75 euros, sendo a subvención máxima do 80%, 1.541.335,80 euros e o 20% restante 385.333,85 euros cofinanciación do Concello de Vigo.*

*Na memoria das accións con cargo a ampliación da subvención o Servizo de Emprego propuxo, entre outras actividades, o desenvolvemento de catro novos itinerarios formativos e as actividades de información, orientación e busca de emprego asociadas aos mesmos que*

deberan desenvolverse integramente en 2014, que permitirán a incorporación ao programa de 60 novos desempregados/as os que se lle ofrecería orientación persoalizada, formación axeitada o seu perfil e necesidades e prácticas profesionais en empresas para así lograr a inserción social e laboral.

A Resolución de 8 de febreiro de 2011 (BOE 23 de Febreiro de 2011) da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba a convocatoria 2011 para a concesión de axudas do Fondo social Europeo durante o período 2007-2013, no seu punto 5, apartado 3.a, determina que os traballadores desempregados que participen nos módulos de práctica profesional e formación previstos no proxecto podrán ser perceptores de axudas-bolsas por unha cuantía mensual non superior ao 75% do IPREM vixente en cada anualidade. Estas axudas serán compatibles coa percepción da prestación e subsidio por desemprego así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade, si ben o conxunto das rentas percibidas por cada persoa beneficiaria da axuda por estes conceptos, incluído o importe da beca, non poderá superar o 75% da cuantía fixada en dito indicador.

A estes efectos o Servizo solicitou a xeneración de crédito na partida 2410 4890003 Becas-Axudas Imos Traballar2 por importe de 57.456,00 estimando o número de accións formativas a desenvolver na anualidade, o número de beneficiarios/as de cada acción, a duración en meses e o importe máximo da bolsa a cobrar cada mes que é de 399,38€ (75%IPREM 2014) como se reflicte na seguinte táboa.

Días Lectivos	20							
Iprem Mes 75%	399,38							
Denominación	Nº de cursos	Horas	Alumnos	Horas día	Días curso	Meses	Importe persoa/mes	Total
Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais	1	230	15	5	46	2,30	399,38	13.765,50
Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais	1	230	15	5	46	2,30	399,38	13.765,50
Operacións básicas de catering	1	250	15	5	50	2,50	399,38	14.962,50
Operacións básicas de catering	1	250	15	5	50	2,50	399,38	14.962,50
Total								57.456,00

En base ao anterior para a determinación dos usuarios/as, con dereito a beca, o importe máximo mensual e diario e a forma de pago, propónse o seguinte procedemento:

- 1.-Según as Bases Reguladoras e as Instrucións para a aplicación e desenvolvemento da concesión das axudas da Subvención Global do FSE, as becas-axudas dos/as beneficiarios/as do proxecto non serán incompatibles coa percepción da prestación ou subsidio de desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.
- 2.- A cada usuario/a que se achegue ós servizos do proxecto pediráselle que xustifique a súa situación de desemprego e que demostre si cobra algún tipo de axuda ou prestación.
- 3.- De ser así valorarase a contía da mesma e compararase coa contía do IPREM (fixado para cada anualidade) aportándolle unha beca /axuda durante o tempo que o/a usuario/a este formándose, realizando unha práctica profesional.
- 4.- Si a contía que percibe o/a usuario/a é inferior ó 75% do IPREM, o proxecto IMOS TRABALLAR completará o montante (aportará a diferenza) ata ó 75%.



- 5.- Si non percibe axuda ou prestación algunha, o proxecto aportará unha beca/axuda polo montante do 75% do IPREM.
- 6.- No caso de que a prestación ou axuda que perciba supere o montante do 75% do IPREM, o proxecto IMOS TRABALLAR non lle aportará ren.
- 7.- O importe máximo mensual por beneficiario/a das becas-axudas para a anualidade 2014 será de 399,38 euros (75% do IPREM 2014).
- 8.- O importe máximo diario das becas-axudas por beneficiario/a para a anualidade 2014 será de 13,31 euros (75% do IPREM 2014).
- 9.- O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación específica, formación transversal presencial e prácticas laborais asociadas
- 10.- Non se aboarán as faltas non xustificadas.
- 11.- Dado que a maioría dos participantes atópanse en situación de desemprego e non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo importante o cobro da bolsa-axuda para o seu sustento económico, faise necesario que o pago destas bolsas se faga a mes vencido dentro do listado de nóminas de persoal para evitar os atrasos no seu cobro.
- 12.- Para o pago destas bolsas dende a dirección do proxecto remitirase a Intervención Xeral Municipal antes do día 5 de cada mes a documentación relativa a asistencia dos cursos, que inclúe a certificación da asistencia as actividades de formación dos participantes é o informe das contías que se lles deben pagar en función da asistencia e según as circunstancias persoais.

En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase, para a anualidade 2014, un custe aproximado inicial en concepto de becas-axudas para o proxecto Imos Traballar2 de cincuenta e sete mil catrocentos cincuenta e seis euros (57.456,00€).

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 2012 2410 4890003 "Becas Axudas Imos Traballar 2".

En consecuencia, polo que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1. Autorizar o gasto por importe de cincuenta e sete mil catrocentos cincuenta e seis euros (57.456,00€) para facer fronte as axudas que se devenguen no exercicio 2014, pola asistencia os cursos dos/as participantes no Proxecto IMOS TRABALLAR, con cargo a partida presupostaría 2410 4890003 "Becas Axudas Imos Traballar 2"
2. Acordar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2014 será de 399,38 euros/mes e de 13,31euros/día (75% do IPREM 2014)
3. Autorizar para a anualidade 2014 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Proxecto IMOS TRABALLAR 2 consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de personal, a seguinte documentación:
  - Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
  - Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo

*así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, mentres dure a súa participación no proxecto.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(138).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES CO GALLO DA CONMEMORACIÓN DO “8 DE MARZO” DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. EXPTE. 6256/224.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 13.02.14, conformado pola concelleira de dito Servizo, que di o seguinte:

*O Consello Municipal da Muller órgano presidido pola concelleira de Igualdade, decidiu organizar unha serie de actividades durante o mes de marzo, co gallo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.*

*Nesta edición, a conmemoración do Día Internacional da Muller, integrará as seguintes accións:*

- 1.- Pleno específico do Consello Municipal da Muller que se desenvolverá no salón de plenos municipal o venres 7 de marzo pola mañá.*
- 2.- Actividades lúdicas a prol da igualdade dirixidas a nenos e nenas na "Praza da Constitución" durante a tarde do sábado 8 de marzo.*
- 3.- Entrega do premio de Igualdade "Ernestina Otero" coa finalidade de premiar ás mulleres ou asociacións de mulleres na súa traxectoria a prol da igualdade.*
- 4.- Actividades lúdicas e reivindicativas na Praza da Constitución durante a noite do sábado 8 de marzo: actuacións musicais, monólogos, lectura de manifesto...*

*Para a realización das actividades descritas será necesario xestionar os trámites seguintes: autorización para o uso do espazo público da Praza da Constitución o día 8 de marzo de 10,00 a 24 h, coa colocación elementos de comunicación, colocación de escenario, conexión de luz, megafonía e sonorización aérea do espazo solicitado, e carga e descarga do material.*

*Unha vez que estas actividades estean autorizadas pola Xunta de Goberno Local, solicitaranse os permisos necesarios na oficina de Seguridade, Mobilidade e Transporte.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“Autorizar ao Consello Municipal da Muller a organizar o sábado 8 de marzo de 2014, ás actividades lúdicas e de concienciación a prol da igualdade que se reflicten no expediente 6256/224, e que se desenvolverán na Praza da Constitución co gallo da conmemoración do Día Internacional da Muller.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(139).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. EXPTE. 2558/443.**

A Xunta de Goberno local retira o expediente.

**12(140).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA PAR NA RÚA JENARO DE LA FUENTE (ENTRE RÚA ARAGÓN E RÚA TOLEDO)”. EXPTE. 2537/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Obra: “HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA PAR NA RÚA JENARO DE LA FUENTE (ENTRE RÚA ARAGÓN E RÚA TOLEDO)”. Expte. 2361/443.*

*Localidade e situación: RÚA JENARO DE LA FUENTE.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. ALBERTO MORENO PIKE.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.*

*Contratista titular do plan: OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.).*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. ALBERTO MORENO PIKE.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ (ORESAS, SL.).*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. MANUEL JOSÉ MEIRA CUBA (PROYEGAL INGENIERÍA, SL.).*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ (ORESAS, SL.).*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.*

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA PAR NA RÚA JENARO DE LA FUENTE (ENTRE RÚA ARAGÓN E RÚA TOLEDO)".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.), a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(141).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA PAR NA RÚA JENARO DE LA FUENTE (ENTRE RÚA ARAGÓN E RÚA TOLEDO)". EXPTE. 2538/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 2 de agosto de 2013 aprobou o PROXECTO DE HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA PAR NA RÚA JENARO DE LA FUENTE (ENTRE RÚA ARAGÓN E RÚA TOLEDO) cun orzamento de base de licitación de 200.000,00 € lve engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.) por un prezo total de 162.000,00 € lve engadido.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.)".

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(142).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AOS POLICÍAS 294463 E 2941008. EXPTE. 40056/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do intendente da Policía Local, do 12.02.14, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Ordenar a incoación de expediente disciplinario contra os funcionarios de Policía Local con identificación 294463 e 2941008, polos feitos acontecidos nas instalacións da Xefatura da Policía Local, o martes día 7 de xaneiro de 2014, ás 22:30 horas, e relatados no informe-proposta do Intendente-Xefe da Policía co Vº e Pr. do Concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal.

Ao policía 294463 atribúeselle a presunta comisión das seguintes accións:

1ª) O intento de influir no compañeiro con identificación 2941008 para que non lle tramitara unha denuncia de radar por exceso de velocidade o 06/01/2014, ao vehículo da súa propiedade matrícula 5369-GRF, e que según parte de servizo iba conducido polo propio policía 294463.

2ª) As expresións “vete tomar por el culo imbécil” vertidas hacia o compañeiro con nº 2941008 e posterior puñetazo ou colleja na nuca, tras manter unha acalorada discusión.

Ambas condutas poden constituir dúas faltas graves tipificadas respectivamente no art. 80, apartados e), a) da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, cuxa redacción é a seguinte: “Os actos e condutas que atenten gravemente contra a dignidade dos funcionarios, contra a imaxe dos corpos de Policía local e contra o prestixio e consideración debidos ao concello e á Xunta de Galicia” e “a grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou con ocasión delas”.

Ao policía con identificación profesional 2941008 atribúeselle a presunta comisión da seguinte acción:

A expresión vertida hacia o compañeiro con identificación profesional 2941008 “imbécil serás tú, hijo de puta”, que pode constituir unha falta leve tipificada no art. 81, apartado b) da Lei 4/2007, como “a incorrección cos cidadáns, con outros membros dos corpos de Policía Local ou cos membros doutras forzas e corpos de seguridade, sempre que non merezan unha cualificación máis grave”

SEGUNDO.- Nomear instrutor do procedemento ao Inspector Principal da Policía Local de Vigo D. Francisco Javier Carballo Acuña e secretario ao Inspector D. José María Álvarez Domínguez.

TERCEIRO. - Notificar o presente Acordo ao instrutor, secretario e aos funcionarios de policía expedientados aos efectos legalmente previstos. Notifíquese asimismo, ao Servizo de Persoal e á Xunta de Persoal.

**15(143).- PROPOSTA DE COMUNICACIÓN AO MINISTERIO FISCAL DOS FEITOS OBXECTO DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO CONTRA A POLICÍA 294019 POR APRECIACIÓN DE INFRACCIÓN PENAL. EXPTE. 39345/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do intendente da Policía Local, do 27.01.14, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Comunicar ao Ministerio Fiscal os feitos obxecto do expediente disciplinario incoado contra a funcionaria de policía con rexistro profesional nº 294019, á vista de que segundo as dilixencias de comprobación levadas a cabo polo Instrutor do expediente, apreciase que os mesmos poden revestir natureza penal e dos que poden ser criminalmente responsables tanto a funcionaria expedientada coma D. Eduardo Fernández Oliveira, con DNI 76894512S.

**16(144).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE-2013. EXPTE. 24861/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.02.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 5.02.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Transporte, Cultura, Electromecánicos, Parque Móbil, Extinción de Incendios, Xuventude, Transporte e OMIC, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 7.851,74 € correspondentes ó 3º e 4º trimestre de 2013, partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**17(145).- PRODUTIVIDADE AOS EMPREGADOS MUNICIPAIS QUE PARTICIPAN NO OPERATIVO DE LIMPEZA ESPECIAL DAS FONTES ORNAMENTAIS 4º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24848/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.02.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.02.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais*, D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 4º trimestres do ano 2013.

N PERSOAL	NOME	A PERCIBIR
14491	Juan Davila Perez	351.05
79136	Francisco J Bea Puentes	280.84

SEGUNDO.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 631,89€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo periodo correspondente ao 3º trimestre do ano 2013.

**18(146).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

A) RESOLUCIÓN DO 13.02.13 DE RECOÑECIMENTO DE CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL DE Dª MARGARITA PARAJÓ CALVO. EXPTE. 24884/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 11.02.14, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En escrito de data 18/12/2013 (documento nº 130149846) Dª Margarita Parajó Calvo, con nº de persoal 79131, funcionaria de carreira deste Concello da escala de Administración xeral, subescala técnica, actualmente en situación de servizos especiais por ser nomeada Titular da Asesoría Xurídica, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 30, motivado polo desenvolvemento durante máis de dous anos de posto de traballo co dito complemento.

2.- Comprobado o expediente persoal da interesada pola oficina administrativa do Servizo de Recursos Humanos, figura que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/07/2011 e aceptación documentada en acta de 19/07/2011) foi nomeada Titular da Asesoría Xurídica Municipal por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal de data

22/07/11, órgano directivo municipal que consta na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010, para dito ano, vixente a día de hoxe, o cal ten asignado un complemento de destino 30, e que continua a desenvolver na actualidade.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; sen embargo, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerese polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respectarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non estea reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02/03/1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización previa, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2013; en consecuencia, estímase necesaria a remisión da mesma á Intervención Xeral Municipal, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do presente informe-proposta.

IV.- Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; en nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal; e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Recoñecer a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 30, a funcionaria de carreira deste Concello D<sup>a</sup> Margarita Parajó Calvo, con nº de persoal 79131, con praza de técnico de Administración xeral (rama xurídica), en situación de servizos especiais por ser nomeada Titular da Asesoría Xurídica Municipal motivado no desempeño de dito órgano directivo durante máis de dous anos continuados co



*citado nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada no seu expediente persoal.*

*SEGUNDO.- Notifíquese a presente ao interesado/a e á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Con data 13.02.14 o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolve de conformidade coa precedente proposta.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### B) RESOLUCIÓN DE DATA 13.02.14 DE RECOÑECIMENTO DE CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL DE D. SECUNDINO OTERO FAILDE. EXPTE. 24885/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 11.02.14, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

*1.- En escrito de data 04/02/2014 (documento nº 140014733) D. Secundino Otero Failde, con nº de persoal 21640, funcionario de carreira deste Concello con praza de técnico da escala de Administración xeral, subescala técnica, adscrito ao posto de Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28, motivado polo desenvolvemento durante máis de dous anos de posto de traballo co dito complemento.*

*2.- Comprobado o expediente persoal da interesado pola oficina administrativa do Servizo de Recursos Humanos, figura que por resolución do Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, de data 6/07/2011, da que se deu conta a Xunta de Goberno Local en sesión de 29/07/2011, foi adscrito provisoriamente ao posto de traballo de “Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo”, posto que consta na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010, para dito ano, vixente a día de hoxe, e que figura cun complemento de destino 28, posto o que figura adscrito e que continua a desenvolver na actualidade.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*1.-De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; sen embargo, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos*

atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerese polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respectarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non estea reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02/03/1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización previa, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2013; en consecuencia, estímase necesaria a remisión da mesma á Intervención Xeral Municipal, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do presente informe-proposta.

IV.- Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; en nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal; e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Recoñecer a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28, ao funcionario de carreira deste Concello D. Secundino Otero Failde, nº de persoal 21640, con praza de técnico de Administración xeral, adscrito ao posto de Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados de posto de traballo co citado nivel asignado, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada no seu expediente persoal.

SEGUNDO.- Notifíquese a presente ao interesado/a e á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos,

*termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Con data 13.02.14 o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolve de conformidade coa precedente proposta.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) RESOLUCIÓN DE DATA 13.02.14 DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN DO FUNCIONARIO DO SEI D. ESTANISLAO DURÁN CALVO CON EFECTOS DE 13/02/2014. EXPTE. 24846/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 11.02.14, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- *Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. ESTANISLAO DURÁN CALVO, con DNI: 35277708-D, resultan os datos seguintes:*

- *vínculo xurídico: funcionario de carreira, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.*
- *nº de persoal: 14628.*
- *data de nacemento: 13/02/1954.*
- *praza: Sarxento SEI, subgrupo C1 de titulación.*
- *posto de traballo: Sarxento Xefe Parque Extinción Incendios, código 96, adscrito ao SEIS.*
- *Incidencias relativas a cotización: grupo de tarifa 05, con 37 anos cotizados.*

2.- *Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación anticipada do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 13/02/2014.*

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- *A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.*

II.- *O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "*

III.- O Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, contempla a posibilidade de acceso á xubilación aos 60 anos -ou 59 cumprindo determinados requisitos de cotización, consistentes na acreditación de 35 ou máis anos de cotización efectiva- nos termos, condicións e efectos legalmente previstos. Ditos coeficientes reductores contémpanse, adicionalmente, nas correspondentes Leis de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

VI.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación anticipada do funcionario do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo D. Estanislao Durán Calvo, con nº de persoal 14628, na praza de Sarxento SEI, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 13/02/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Sr. Xefe do SEIS, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 13.02.14 o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolve de conformidade coa precedente proposta.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**19(147).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCADOIRO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE NOVIEMBRO E DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 267/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.02.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 10.02.14, conformado polo xefe e o concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante os meses de novembro e decembro de 2013) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe ( iva engadido ) :

NOVIEMBRO 2013 importe 27.063,62 € ( funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 21.618,62€ )

DECEMBRO 2013 importe 23.796,68 € ( funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 18.351,68 € )

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**20(148).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAÑA DE PRESENTACIÓN DOS PRODUTOS DESENVOLVIDOS AO ABEIRO DO PLAN DE COMPETITIVIDADE E BAIXO A IDEA CENTRAL DE "VIVE VIGO" COMO EXPERIENCIA TURÍSTICA. EXPTE. 5039/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.02.14, o informe de fiscalización do 20.02.14, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Turismo, do 20.02.14, conformado pola xefa de dito servizo e o concelleiro delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación Nº 5039/104.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 29 de xaneiro do 2014 e o prego de cláusulas administrativas de data 29 de xaneiro de 2014 e modificado o 20 de febreiro de 2014, de condicións que rexerán a contratación da campaña de promoción “Vive Vigo” aprobada na sesión de 24 de outubro de 2012 da Comisión de seguimento do Plan de Competitividade Turística e ratificado en data 24 de abril de 2013.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto, por importe de 223.850€ (douscentos vintetrés mil oitocentos cincuenta euros) ,IVE incluído, con cargo á partida presupostaria 4320.2279906 “Plan de Actividade Turística de Vigo” do presuposto en vigor.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

**21(149).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.